

# **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

**CURSO 2019-2020**

<b>CENTRO</b>	<b>IES MONELOS</b>
<b>CURSO</b>	<b>2º BACHARELATO</b>
<b>MATERIA</b>	<b>TECNOLOGÍA INDUSTRIAL II</b>
<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>TECNOLOGÍA</b>

## **ÍNDICE**

**1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

**2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**

**3.- Avaliación e cualificación final do curso.**

**4.- Información e publicidade.**

# **1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES**

## **1.1.- PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE**

Durante o primeiro e segundo trimestres, os alumnos/as foron avaliados segundo os contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e adquisición de competencias que figuran na programación da materia, aplicando os procedementos de avaliación descritos.

As cualificacións acadadas nesas avaliacións constitúen o dato máis importante para cualificar a materia neste curso.

## **1.2.- TERCEIRO TRIMESTRE**

O terceiro trimestre iniciouse en 2º de Bacharelato de xeito normal.

Non obstante, a suspensión da actividade lectiva presencial o 13 de Marzo de 2020 afecta aos contidos que se poden impartir e asimilar polo alumnado, polo que cómpre acoutar os estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias previstas na programación inicial.

Dese modo os **estándares de aprendizaxe** que se manteñen son:

- Analiza circuitos de portas lóxicas mediante táboas de verdade.
- Simplifica circuitos mediante álgebra de Boole e táboas de Karnaugh.
- Implementa circuitos lóxicos con portas universais, aplicando as leis de Morgan.
- Describe o funcionamento dos compoñentes básicos dos circuitos neumáticos.
- Describe o funcionamento de circuitos neumáticos sinxelos, usando unha terminoloxía normalizada.
- Utiliza correctamente a simboloxía normalizada da Neumática.

As **competencias** que se poden seguir adquirindo, definidas por algúns indicadores de logro, son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
  - Adquirir e utilizar axeitadamente na linguaxe cotiá o vocabulario tecnolóxico.
  - Elaborar textos técnicos coa terminoloxía axeitada.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
  - Representar circuitos lóxicos coa simboloxía axeitada.
  - Describir elementos característicos dos sistemas neumáticos.
  - Representar sistemas neumáticos coa simboloxía correcta.
- Competencia dixital (CD)

- Manexar ferramentas TICs na procura, proceso da información e elaboración de informes técnicos.
- Adquirir e transmitir documentos mediante ferramentas informáticas.
- Competencia de “aprender a aprender” (CAA)
  - Traballar con interese nun entorno virtual de ensino, sen a presenza física dun profesor/a.
  - Manexar diversas fontes de información TICs.
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
  - Persistir na realización de actividades lectivas virtuais.

## **2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE**

### **2.1.- METODOLOXÍA**

Dende o primeiro día de confinamento, a actividade lectiva organizouse para realizala a distancia, comunicándose o profesor cos alumnos/as a través da Aula Virtual.

A comunicación inversa alumnado - profesor faise mediante mensaxes a unha conta de correo Gmail do profesor creada especificamente con ese fin. Nese correo, os alumnos/as entregan os seus traballos, plantexan dúbidas e reciben as respostas do profesor.

### **2.2.- MATERIAIS E RECURSOS**

#### **Materiais:**

- Apuntes elaborados polo profesor
- Material audiovisual e de información extraído de Internet, recomendado polo profesor.

#### **Recursos:**

- Páxina web do centro e Aula Virtual
- Contas de correo e equipos informáticos, de propiedade privada, de alumnado e profesor.

O alumnado con dificultades de conectividade debe comunicar dita circunstancia ao profesor e/ou titor/a para tela en conta e tratar de solventala.

O profesorado observará como se desenvolve a actividade para detectar aqueles alumnos/as que non se conectan ou non entregan as tarefas nos prazos indicados. Informarán desa circunstancia ao titor/a para poñelo en coñecemento das familias.

### **2.3.- ACTIVIDADES**

Serán de dous tipos:

- de recuperación (para casos particulares).

- de reforzo (para todos os alumnos/as, incluídos os anteriores).

As actividades de recuperación serán comunicadas ao alumnado mediante correos privados, e as de reforzo - ampliación a través da Aula Virtual.

### **2.3.1.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS ANTERIORES SUSPENSAS**

O profesor indicará actividades de recuperación aos alumnos/as que teñen suspensa a primeira e/ou a segunda avaliación. Se as circunstancias sanitarias o permiten, realizaránse probas presenciais.

Para os alumnos/as que teñen pendente a 2ª avaliación, ademáis das actividades particulares tamén se valorará positivamente a realización das actividades de reforzo que se especifican a continuación.

### **2.3.2.- ACTIVIDADES DE REFORZO**

Seguirán o seguinte procedemento:

1. O profesor entrega apuntes de elaboración propia para completar a análise e deseño de circuitos lóxicos iniciada antes do confinamento, con propostas de actividades. Posteriormente, entrega ditas actividades xa resoltas, para que o alumnado poida comparar os resultados.
  2. Tamén se engaden apuntes de circuitos neumáticos, acompañados de direccións web de vídeos e simulacións que mostran o funcionamento de diversos compoñentes. Así mesmo propoñense actividades de descripción da operación de varios circuitos.
  3. O profesor entrega as actividades anteriores resoltas paso a paso.
  4. Proposta de actividades para ser realizadas polo alumnado e entregadas ao profesor para ser revisadas, e devoltas para unha eventual corrección:
    - Exercicios de deseño de circuitos lóxicos.
    - Explicación do funcionamento de circuitos neumáticos.
    - Elaboración dun traballo de investigación baseado en fontes de Internet sobre compresores de aire de instalacións neumáticas.
  5. En consideración ás tarefas que ten este alumnado cara á preparación das probas de ABAU, non se especifican uns prazos estritos de entrega dos traballos, pero si unha data máxima. As actividades aportadas con posterioridade considéranse non presentadas.
- **O profesor presentará os temas e es propostas de actividades a través da Aula Virtual, especificando a data máxima de entrega.**
  - **O retorno de documentos por parte do alumnado debe facerse por e-mail, en forma de documentos PDF ou con imaxes fotográficas.**

## **3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

### **3.1.- AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE**

A avaliación das actividades realízase valorando o traballo desenvolvido e o nivel de calidade.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- O interés manifestado polo alumno/a (consulta de dúbidas, realización das correccións necesarias nas actividades...).
  - A realización de todas as actividades, respectando a data máxima de entrega.
  - A corrección dos erros indicados polo profesor.
  - A presentación e a calidade do traballo de investigación.
- **As actividades do 3ª trimestre serán valoradas entre 0 e un máximo de 1,5 puntos, en función dos criterios anteriores.**
  - **Non se valorará negativamente a falta de entrega (total ou parcial) das actividades propostas.**

### **3.2.- CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA DO CURSO**

A cualificación do alumnado seguirá o seguinte procedemento:

- 1) Obtención da nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións.  
A media calcularáse valorando previamente as actividades de recuperación realizadas.
- 2) Suma da nota media anterior máis a cualificación do 3º trimestre.

**A cualificación final nunca será inferior á nota media da 1ª e 2ª avaliación.**

### **3.3.- PROBA EXTRAORDINARIA**

Os alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, realizarán unha proba extraordinaria presencial, de tipo escrito.

- A proba abranguerá, exclusivamente, os contidos desenvolvidos durante o curso ata o 13 de Marzo de 2020.
- Nesta proba non se terá en conta a valoración do 3º trimestre.

## **4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

O alumnado e as familias serán informados destas modificacións por dous procedementos:

- Mediante a publicación na páxina web do centro (páxina do departamento de Tecnoloxía)
- Mediante publicación na Aula Virtual do apartado 3 (Avaliación e cualificación).